“3º.- EXPEDIENTE 201/2023.- INFORMACIÓN ECONÓMICO-FINANCIEIRA. DAR CONTA 4º TRIMESTRE 2022 E 1º TRIMESTRTE E S2º TRIMESTRE 2023 PMP, MOROSIDADE E INFORMACIÓN TRIMESTRAL.- Dáse conta da información achegada ao expediente que debe ser elevada á consideración do Pleno para os efectos da toma de coñecemento e posterior publicación no Portal de Transparencia do concello:

Primeira quenda

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Portavoz BNG	Comproban na plataforma os datos remitidos polo concello e o periodo medio de pagocumpríase ata o ano pasado. Quere saber cales son as medidas que vai adoptar o goberno. As ordenanzas fiscais están case todas practicamente sen actualizar. E se non se cobra non se pode pagar.
Portavoz PP	Hai que desagregar os datos e o método de cálculo. As facturas de luz incrementan moito o importe máis os provedores correntes se están a pagar en tempo. E o programa fai unha media de todas as facturas nas que computan ao igual as certificacións de obras. E pon por exemplo a factura da obra pump truck que está pendente de que a Deputación ingrese a subvención.
Portavoz BNG	Pregunta se hai un plan económico para tal efecto.
Portavoz PP	A delegación da xestión recadatoria que tamén permite obter anticipos a conta en ausencia de liquidez para facer fronte ao pago de facturas
Presidenta	Vanse a realizar unha revisión por actualización de datos máis dende a convocatoria da presente Comisión está a disposición o expediente.

A comisión dá por realizado o trámite.”

Non formulándose debate ningún, o Pleno da por realizado o trámite.

6º.-EXPEDIENTE 414/2023.- APROBACIÓN PROXECTO "OBRAS DE SUSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DE O CRISTO. - Expediente elevado á consideración deste órgano colexiado tras ser ditaminado na Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior en sesión realizada con data 24 de agosto de 2023:

“6º.- URXENCIA.- EXPEDIENTE 414/2023.- APROBACIÓN PROXECTO “OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CCUBERTA NO POLIDEPORTIVO DE O CRISTO”De conformidade co establecido no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e concordante do ROM, o Presidente sinala que para os efectos de axilizar a tramitación do expediente de xeito que poda ser sometido á decisión do Pleno para a súa aprobación por carecer de crédito orzamentario, eleva á consideración da Comisión por motivos de urxencia o proxecto.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Non formulándose debate ningún, sometido a votación ordinaria obtéñese o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

Aprécida a urxencia do expediente, elévase á consideración da comisión a seguinte proposta de acordo asinada con data 27.07.2023 polo concelleiro de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, do 26.06.2023).:

“... ”

Mediante resolución da alcaldía núm. 2023-0233 de data 15.03.2023 solicitouse á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiamento para a actuación Liña 1. Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, para o proxecto titulado “Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética”, e pola contía de 163.761,06 € IVE incluído.

Visto o proxecto de “Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética”, polo importe de 163.761,06 €, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Antonio José Durán Manciñeira (PROYFE S.L.) e asinado dixitalmente en data 14.03.2023, pola presente PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Prestar aprobación ao proxecto de “Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética”, polo importe de 163.761,06 €, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Antonio José Durán Manciñeira (PROYFE S.L.) e asinado dixitalmente en data 14.03.2023.”

Primeira quenda	
Portavoz PSdG-PSOE	Reitera os mesmos comentarios que no punto anterior da orde do día e pregunta se a axuda está concedida.
Presidente Comisión	Resposta que sí está outorgada.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Portavoz BNG	Reitera os mesmos comentarios que no punto anterior da orde do día
--------------	--

Non formulándose debate ningún, sometido a votación ordinaria obtéñese o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

Adoptándose para a súa elevación á Xunta de Goberno Local (RA 2023-616, de 26 de xuño de 2023), o seguinte **ditame**:

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto de “Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética”, polo importe de 163.761,06 €, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Antonio José Durán Manciñeira (PROYFE S.L.) e asinado dixitalmente en data 14.03.2023.”

Primeira quenda	
Portavoz PP	Explica o sentido do trámite a realizar.
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta o voto a favor do seu grupo e lembra que xa estaba incluído no Anexo de inversión do orzamento do ano anterior e pese a que o proxecto ten data marzo de 2023, non se elevou á consideración de órgano colexiado ningún.
Portavoz BNG	Critica a forma de tramitación do proxecto que non pode converterse en regra xeral e alude ao igual que na intervención precedente á data do proxecto, descoñecendo por qué non se tramita previamente ata que é reclamado pola Xunta de Galicia.
Portavoz PP	Non se reclama pola Xunta de Galicia. Trátase dunha actuación contemplada no orzamentos do ano 2021 na que a licitación declarouse como deserta. Non é falta de planificación. Este é un novo proxecto.
Alcalde	Novo proxecto que ten como prioridade a economía térmica e calefactar espazos. É un proxecto máis ambicioso que o preexistente.

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto de “Renovación y mejora de la cubrición de la pista deportiva de O Cristo con la sustitución de la caldera eléctrica por equipo de aerotermia, para la mejora de la eficiencia energética”, polo importe de 163.761,06 €, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Antonio José Durán Manciñeira (PROYFE S.L.) e asinado dixitalmente en data 14.03.2023.”

7º.- EXPEDIENTE 2562/2022.- APROBACIÓN PROXECTO "CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE MUGARDOS".- Expediente elevado á consideración deste órgano colexiado tras ser ditaminado na Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior en sesión realizada con data 24 de agosto de 2023:

“5º.- URXENCIA.- EXPEDIENTE 2562/2022.- APROBACIÓN PROXECTO “CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLON DE MUGARDOS”. De conformidade co establecido no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e concordante do ROM, o Presidente sinala que para os efectos de axilizar a tramitación contractual do expediente de xeito que poda ser sometido á decisión do Pleno para a súa aprobación por carecer de crédito orzamentario, eleva á consideración da Comisión por motivos de urxencia o proxecto.

Sometido a votación ordinaria obténse o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Aprecida a urxencia do expediente, elévase á consideración da comisión a seguinte proposta de acordo asinada polo concelleiro de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, do 26.06.2023).:

“... ”

A Vicepresidencia Segunda e consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes estableceu as bases reguladoras e convocou as subveccións que se recollen na Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subveccións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos de Galicia para o ano 2023.

De acordo co disposto na orde de convocatoria, o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes resolveu conceder ao Concello de Mugarbos unha subvección por importe de 30,480,25 € para o proxecto denominado Reparación e mantemento de parques infantís do Concello de Mugarbos. Visto o proxecto de “Reparación e mantemento de parques infantís do Concello de Mugarbos”, por un importe de 47.104,07 €, redactado por D. Manuel Xacome Mariño Valencia e asinado dixitalmente en data 16.03.2023, pola presente PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Prestar aprobación ao proxecto de “Reparación e mantemento de parques infantís do Concello de Mugarbos”, por un importe de 47.104,07 €, redactado por D. Manuel Xacome Mariño Valencia e asinado dixitalmente en data 16.03.2023.”

Primeira quenda	
Portavoz EU	
Portavoz PSdG-PSOE	Os proxectos de obras elévanse á consideración dos restantes grupos cando xa están pechados e fóra de prazo. O que volve de novo a acontecer sen que se poda realizara achega ou cambio ningún. Polo quen reitera que antes de que se soliciten as axudas pasen por Comisión e se solicite a súa opinión.
Portavoz BNG	Considera que tras máis de seis meses canto menos hai negligencia por parte do concello na tramitación do proxecto en función do estado dalgúns dos elementos de xogo que entrañan perigo e por tanto posible responsabilidade patrimonial para o concello quen os colocou. Pregunta tamén por que non se vai a actuar no parque das Casas Baratas.
Presidente Comisión	Os terreos son do Ministerio de Fomento e en función dos requisitos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	da subvención non se posúe a necesaria dispoñibilidade. Máis se ten efectuado xa contacto coa Subdelegación do Goberno e toma nota.
--	---

Sometido a votación ordinaria obtéñese o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

Adoptándose para a súa elevación a Pleno, o seguinte **ditame**:

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto de “Reparación e mantemento de parques infantís do Concello de Mugardos”, por un importe de 47.104,07 €, redactado por D. Manuel Xacome Mariño Valencia e asinado dixitalmente en data 16.03.2023.”

Primeira quenda	
Portavoz PP	Explica o sentido do trámite.
Portavoz PSdG-PSOE	Critica que o goberno municipal non consensuou as actuacións a incluír de xeito que da conta do seu contido cando xa estaba pechado. De igual xeito pon de manifesto a falta de atención a outras obras relativas a outros parques como emprazado nas Casas Baratas. Engade que descoñece por qué as obras se quedan sempre desertas en Mugardos.
Portavoz BNG	Xa se posicionaron na Comisión informtativa e reiteran os argumentos aducidos na mesma. O seu grupo están en contra deste método de traballo. E insiste en que respecto da instalación no campo dos Carneiros que sí é posible coa debida colaboración. Van a manter a mesma postura da Comisión e vanse a abster.
Portavoz PP	Certo que hai obras que quedaron desertas máis non é o único concello no que acontece. En canto ás datas de tramitación alude ao período de goberno en funcións con motivo da realización das eleccións municipais ao que se une a data na que chegaron os permisos. En canto á tramitación dos expedientes considera que corresponde aos funcionarios/as municipais. En canto ás obras no campo dos Carneiros, están a traballar para solicitar a AXE (Fomento) a cesión da parcela.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	Abstención

En atención ao mesmo, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto de “Reparación e mantemento de parques infantís do Concello de Mugardos”, por un importe de 47.104,07 €, redactado por D. Manuel Xacome Mariño Valencia e asinado dixitalmente en data 16.03.2023.

8º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (NÚM. REXISTRO 2023-E-RE-1724, DE 21.08.2023).- PROPOSTA DE MELLORAS AO ANTEPROXECTO DA BIBLIOTECA, E APUNTAMENTOS PARA UN REDESEÑO E NOVA LICITACIÓN DA REDACIÓN DO PROXECTO. .- Moción elevada á consideración da Xunta de Portavoces en sesión ordinaria realizada con data 24 de agosto de 2023:

“Dáse conta da presentación no Rexistro Xeral do concello dos seguintes escritos de moción dentro do prazo marcado ROM:

5.1º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (núm. Rexistro de entrada 2023-E-RE-1724, de 21.08.2023).- PROPOSTA DE MELLORAS AO ANTEPROXECTO DA BIBLIOTECA, E APUNTAMENTOS PARA UN REDESEÑO E NOVA LICITACIÓN DA REDACIÓN DO PROXECTO.

Moción presentada polo grupo municipal BNG co seguinte contido:

“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO-PLENO:

PROPOSTA DE MELLORAS AO ANTEPROXECTO DA BIBLIOTECA, E APUNTAMENTOS PARA UN REDESEÑO E NOVA LICITACIÓN DA REDACIÓN DO PROXECTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Biblioteca Municipal de Mugardos está actualmente ubicada nunhas instalacións que datan do ano 1989, despois do seu traslado dende a súa localización inicial. Levamos 32 anos de provisionalidade e o Concello de Mugardos precisa dunhas instalacións que resposten as necesidades e funcións actuais dunha infraestrutura do século XXI.

O goberno municipal desenvolveu no seu momento, de xeito erróneo ao noso entender, a tarefa de dar solución as necesidades existentes, postergando a escoita dos profesionais municipais e axentes sociais de opinión a unha proposta final (do ano 2021) que restrinxe o deseño e mellora da nova instalación.

Dende o BNG consideramos que a actual proposta **non é a óptima** que se esperaría dunha instalación da importancia e calado que abranxe a figura da Biblioteca Municipal, como motor e centro dinamizador da actividade cultura, da información, e da interrelación social entre xeracións.

Aínda así, dende unha profunda reflexión, somos conscientes que adiar máis a construción da Biblioteca lastra o desenvolvemento sociocultural da nosa veciñanza, limitando o acceso á cultura que as veciñas e veciños merecen.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Queremos unha biblioteca que acolla a veciñanza que fai un uso tradicional, pero que tamén teña os espazos e as ferramentas para as novas formas de comunicación, as necesidades da era dixital, e sexa xeradora, prescriptora e dinamizadora do coñecemento. Un espazo que ademáis promova a participación, colaboración e motivación, a creación de cultura e fonte de experiencias, de talleres, eventos e actividades de cara ao ecosistema cultural da nosa comunidade.

Despois de ler detidamente ás alegacións presentadas ao anteproxecto e os informes técnicos municipais, podemos concluír que tanto a proposta de ubicación como as características da de deseño da biblioteca son claramente mellorables.

Tal e como se expresa no informe técnico de urbanismo do concello, «Este informe redáctase sen prexuízo dos que sexan preceptivos sobre o proxecto definitivo. A proposta está a nivel de anteproxecto e pode modificarse o volume, a composición de fachadas, as instalacións, as solucións construtivas e os acabados, tanto por requirimentos técnicos e legais, como por variacións de programa e deseño». Neste informe alúdese a posibilidade de comprar propiedades adxacentes para un mellor desenvolvemento do deseño do edificio, que facilite a mellor distribución dos espazos útiles e funcionais. Tamén fanse apreciacións como a da integración da nova edificación no casco antigo respectando os volumes e a posible integracións da construción tradicional existente no novo edificio.

Tanto os informes da técnica municipal da biblioteca, como alegacións presentadas ao anteproxecto, informan das seguintes carencias ou posibilidades de redeseño e mellora factibles na actual face que nos atopamos:

- Cunha disposición vertical que prexudica a ergnomía funcional do edificio e o incremento de persoal para a súa atención.
- Espazos pequenos, pouco versátiles e multifuncionais que acotan o futuro desenvolvemento de novos espazos.
- A carencia de determinados servizos por planta, como aseos na sala infantil ou espazos amplos de lecer e relación anexos a cada área.
- No se prevén áreas específicas para desenvolver audicións, ou visionada de vídeo, proxección ou realización de talleres específicos.
- Espazos abertos de relación no exterior dentro das instalación da biblioteca (patios ou zonas axardinadas onde poder interactuar.
- Posibilidade de implementar instalacións adicionais como o Arquivo Municipal, a aula de informática actualmente sita na Casa de Cultura, ou outros servizos relacionados.

Por todo o anterior, e tendo en conta que aínda se está a tempo de implementar melloras na futura construción da Biblioteca Municipal, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Concello de Mugardos a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO:

- Instar ao goberno municipal, para a xestión da compra das parcelas aledañas á actual onde preténdese construír a biblioteca de referencias catastrais:
- 0324005NJ6102S (garaxe)

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 0324005NJ6102S0001AE e 0324005NJ6102S0001WE (zona verde)
- 0324005NJ6102S0001BE, 0324005NJ6102S0002ZR, 0324005NJ6102S0003XT e 0324005NJ6102S0001MY (calificado industrial e comercial, antigo kiosko e sede bancaria).
- Instar ao goberno municipal a realizar as xestións necesarias para redefinir os límites do polígono SUNC-P4, tal e como suxire o informe técnico do persoal municipal (competente en urbanismo, servizos de arquivo e biblioteca), para permitir o redeseño da actual proposta de biblioteca e conseguir unha infraestrutura con futuro e posibilidades de desenvolver todas as función dunha instalación deste tipo no século XXI.
- Instar ao goberno municipal a redeseñar o proxecto da Biblioteca, tendo en conta as alegacións presentadas polos axentes sociais e as técnicas de urbanismo e da biblioteca do Concello de Mugardos.
- Que atendendo ao anterior, fáganse as actuacións necesarias para licitar a redacción do novo proxecto de execución e construción da Biblioteca, coa maior axilidade e eficacia posible.”

Polo parecer conforme da Xunta de Portavoces elévase á consideración plenaria.”

Primeira quenda	
Portavoz BNG	Procede á lectura da moción.
Grupo PSdG-PSOE Ignacio Fernández Fernández	<p>Sorpréndese ante a moción xa que mediante esta proposta pretenden paralizar unha iniciativa que xa está en marcha. Moción que indica que non é un bó proxecto. Lamenta que pese ao apoio do seu grupo, o PP non supo executar as obras. E á parálise do Goberno agora se unen as pretensións de realizar unha megabiblioteca con propostas propias doutro tipo de concellos. E considera que hai que adaptarse aos recursos dos que se dispón.</p> <p>Prosigue analizando outros extremos da moción como a adquisición de parcelas que tamén pretende o seu grupo máis con outros destinos coma poda ser unha futura praza do concello na que se ubiquen os edificios máis emblemáticos.</p> <p>E reitera que as peticións da moción dilataran un proxecto necesario.</p> <p>Non van a votar en contra pero si se van a abster.</p>
Portavoz PP	<p>Incide que a redacción do proxecto licitouse ata en dúas ocasións quedando deserto. Moitas das peticións que se inclúen na moción non cumpren coas determinacións do PXOM.</p> <p>Describe os trámites que se realizaron ate de agora e lembra que o BNG non realizou achega ningunha. Alegacións que poderían ter realizado no trámite de información pública desenvolvido no seu día como veciñanza xa que non eran concelleiros/as.</p> <p>É necesario adecuarse ás necesidades propias do concello no que no ano 2022 naceron dous pequenos/as. E sinala que en cinco anos</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>adquiriron a parcela, redactaron un anteproxecto, licitaron a redacción en dúas ocasións e buscouse os fondos, fronte ao tempo que os proponentes da moción gobernaron no concello sen que acometesen as actuacións.</p> <p>Non van a votar a favor por todos os esforzos que se aplicaron. E non se vai a dar marcha atrás.</p>
--	---

Segunda quenda	
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Moción ambiciosa e complexa. E parece unha emenda á totalidade ao proxecto vixente. Votar a favor da moción suporía facer un novo proxecto.</p> <p>E afirma que hai un problema grave coas licitacións e levan pedindo dende o inicio da lexislatura que se executen as obras.</p> <p>Respecto da dinamización cultural están convencidos de que non o vai a facer o propio edificio.</p> <p>Así na actualidade a biblioteca non ten presenza en redes sociais ou en internet e en poucas ocasións se realizan actividades. A dinamización da biblioteca non depende do edificio. Denuncia que a concellería de Cultura está abandonando a biblioteca xunto coas restantes concellerías na parte que corresponde ao proxecto.</p>
Portavoz BNG	<p>Sorprendida coas intervencións xa que parecen ataques. Non se quere paralizar se non mellorar o proxecto que é cousa de pouco tempo. En canto á comparativa con outros concellos pon de manifesto que hai fallas importantes de accesibilidade, entre outros extremos. O informe técnico sinala que é necesario modificar a delimitación máis non desenvolver todo o polígono p-4. Está en etapa de anteproxecto e non proxecto e por iso é o momento ideal. A evolución demográfica implica poboación máis envellecida pero o proxecto contempla escaleiras. Pese a ser complexo debe cumprir coas expectativas da veciñanza e ser útil dende o momento un. E o edificio non pode por trabas ao desenvolvemento das actividades. E quere que conste a súa postura.</p>
Portavoz PP	<p>Dende a súa actividade profesional pode dicir que non se trata dunha cuestión de dúas semanas. Non considera que se esté no momento óptimo por estar a solución técnica en anteproxecto se se teñen en conta outras moitas necesidades a curbir polo concello como acontece co servizo de axuda ao fogar.</p> <p>Non sempre se pode cambiar de postura xa que é unha inversión que estivo moi consensuada. E reitera que as modificacións que se pretenden incluir si afectan ao polígono. O seu grupo é consciente dos problemas de xestión que xeneran os polígonos e por iso está a tramitar un novo PXOM. E pon por exemplo a tramitación dun</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>proxecto do POS.</p> <p>Este tipo de obras polos problemas urbanísticos que supoñen hai que velos moi ben.</p>
Alcalde	<p>A moción implica postergar e limitar o acceso á cultura por varias xeneracións. O proxectos está sopesado cos técnicos e coa veciñanza. E alude a ausencia de xestión doutro tipo de inversións públicas en gobernos municipais previos do BNE e PSOE.</p>
BNG	<p>Queren unha biblioteca que se poda xestionar nunha planta e por iso a súa extensión en horizontal. E que teña unha vida útil longa.</p> <p>Si houbo un proxecto para centro día e de cultura no zárate que o PP paro una Xunta. Non queren parar nada senon mellorar un proxecto. E o que pretendían era facer e centrar un debate sobre a biblioteca.</p>

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	En contra	A favor	En contra	Abstención

En atención ao mesmo, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Rexeitar a moción presentada polo grupo municipal BNG (núm. rexistro de entrada 2023-E-RE-1724, de 21 de agosto de 2023), “PROPOSTA DE MELLORAS AO ANTEPROXECTO DA BIBLIOTECA, E APUNTAMENTOS PARA UN REDESEÑO E NOVA LICITACIÓN DA REDACIÓN DO PROXECTO”, procedendo ao seu arquivo.

9º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO PSdG-PSOE (NÚM. REXISTRO 2023-E-RPLN-7, DE 22.08.2023).- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN PASARELA DE MADEIRA EN VOLADIZO VIARIO PORTUARIO..- Moción elevada á consideración da Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 24 de agosto de 2023:

“5.2º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO PSdG-PSOE (núm. Rexistro de entrada 2023-E-RPLN-7, de 22.08.2023).- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN PASARELA DE MADEIRA EN VOLADIZO VIARIO PORTUARIO.

Moción presentada que tras unha exposición de motivos insta ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“...





Concello de Mugardos
(A Coruña)

a programar a conservación, mantemento e limpeza do voladizo de madeira por medio dun plan de actuacións comprometendo un prazo de execución e dotado da correspondente partida orzamentaria.

Así mesmo se realicen as xestións oportunas con Portos de Galicia para que continúe co traballo iniciado en 2019 de consolidación da estrutura que soporta o voladizo de madeira.”

Polo parecer conforme da Xunta de Portavoces elévase á consideración plenaria”

Primeira quenda	
Portavoz PSdG-PSOE	Presentan a proposta como moción tras distintas peticións non atendidas polo Goberno municipal. Pasando de seguido a dar lectura do seu contido.
Portavoz BNG	Coinciden na petición e van a votar a favor. E queren facer unha pequena emenda.: onde pon (pedir el cambio...).
Portavoz PP	Comparten o sentido da moción e indicar un prazo para pedilo a Portos e incluso tamén un cambio no material e solicitar unha memoria valorada para cambiar o material para que fose máis duradeira
Portavoz PSdG-PSOE	Aceptan as dúas emendas tras aclarar que a memoria será para madeira e tamén outro tipo de solucións.

Segunda quenda	
Portavoz BNG	Quizás máis oportuno pedir un informe para saber cál é o material máis adecuado.
Alcalde	Parece o máis adecuado
Portavoz PSdG-PSOE	Aceptadas as dúas emendas. Quere aproveitar a moción para indicar que falta conservación e mantemento como acontece coa limpeza de praias.

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En atención ao mesmo, o Pleno ao abeiro do establecido nos artigos 22 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Instar ao goberno local a que proceda a programar a conservación, mantemento e limpeza do voladizo de madeira portuario por medio dun plan de actuacións comprometendo un prazo de execución e dotado da correspondente partida orzamentaria.

10º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES

Non se presenta moción ningunha.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

11º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- O Alcalde concede o uso da palabra á secretaria que procede a dar lectura á dilixencia asinada e achegada ao expediente da sesión con data 24 de agosto de 2023:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo. Tense publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 19, de data 27.01.2023, anuncio da aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas, dándose traslado do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 213 de 10.11.2022, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, así como do texto íntegro do mesmo, e para os efectos do seu visado, ao Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social; téndose estendido dilixencia por esta secretaría, con data 06.06.2023, unha vez efectuada consulta ao servizo de Inspección da Consellería de Política Social e Xuventude, para facer constar que polo citado servizo se traslada a necesidade de contar co preceptivo visado para a súa aplicación á EIM As Lagoas e como tal se traslada verbalmente ao Servizo de Benestar Social e Igualdade a necesidade de seguir aplicando as disposicións do Regulamento previo á modificación, e sen que no día da data da





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

presente dilixencia se teña coñecemento da cumprimentación do preceptivo trámite de visado.

PROTOCOLO E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA A XESTIÓN DO “COMPLEXO DEPORTIVO O CASTRO”. Uniuse ao expediente certificación do acordo adoptado así como borrador de convenio e anexo I Memoria-Programa con dilixencia de aprobación polo Pleno da Corporación, téndose comunicado a adopción do citado acordo ao Concello de Ares e recibido comunicación do Concello de Ares relativa ao acordo adoptado polo citado concello, sendo asinado convenio polo concello con data 14 de agosto de 2028.

INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1690/2023. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 8/2023: CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.- Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 158 de 21 de agosto de 2023 e coa mesma data no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello.

INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1716/2023. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2023 (RELACIÓNS CONTABLES DE FACTURAS F/2023/31 E F/2023/32).- Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente”.

12º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2023-0684 AO 2023-0794.-O Pleno dá por realizado o trámite.

C) ROGOS E PREGUNTAS

13º.- ROGOS E PREGUNTAS

Portavoz BNG 2023-E-RE-1779, 28.08.2023	Solicitan facer unha pregunta de resposta oral en relación co estado de contratación da limpeza de praias: Cando empeza a época estival para o goberno? E en base a esa resposta por qué non se solicita a limpeza de praias antes da época estival para que esté limpa e preparada para o verán e si é axeitado continuar coa contratación fora da época estival? Rogo:
--	--





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Informe dos contratos e pregos coa empresa de recadación e desglose de custes pulpo e beiramar, do estado de custes de Reganosa e da seguridade do concello
Portavoz PSdG-PSOE	Información fechas cobro IVTM e taxa auga potable. Da conta de que a lona que cubre o cine Zárate está solta e da mala execución dos desbroces na rúa Castelaio. Insta o c umprimento mocións do seu grupo da lexislatura anterior.
Intervención en resposta á pregunta formulada portavoz BNG do concelleriro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICS	O expediente está en fase de cumprimento do requirimentos que realiza a Mesa de Contratación. A tempada de verán cubre do 31.04.2023 ao 31.10.2023 e a subvención outorgouse en xuño 2023. O expediente se vai a adiantar o ano que ven máis mentras non exista financiamento non se vai a licitar. E se toma nota para facer os cambios máis os prazos son os que son. E se se presenta unha empresa haberá que cumprir coa normativa contractual.
Intervención en resposta á pregunta formulada portavoz BNG Alcalde	Reitera que tras os cambios operados tras a reforma do mercado laboral este tipo de actuacións xa non poden ser executadas mediante a selección de personal laboral temporal, e realizada consulta coa Deputación provincial de A Coruña é a mesma quen invita a que se proceda á licitación administrativa. Engade que hai poucas empresas no mercado máis se levarán a cabo os cambios necesarios para adiantar a contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do trinta de agosto de dous mil vinte e tres, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

